

ANEXO III

SOLICITUDE DE POSTOS FESTAS DE VERÁN 2023

NOME E APELIDOS	
NIF/CIF	
DOMICILIO	
POBOACIÓN	
PROVINCIA	
TELÉFONO MÓBIL	
ATRACCIÓN A INSTALAR	

PRIMEIRO.- Que, na condición que expreso, como titular da instalación desmontable (ou en representación decon CIF/NIF/NIE/ Pasaporte..... domiciliada enen calidade de), SOLICITO participar no procedemento de licitación convocado polo Concello de Boiro para a adxudicación das autorizacións de uso de parcelas do dominio público municipal e instalación de atraccións feirais durante as festas de verán do 2023

SEGUNDO.- Que a instalación desmontable obxecto desta solicitude responde a seguinte denominación e características:

Denominación: _____

Características (incluír descrición detallada da instalación):

--

TERCEIRO.-DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que as dimensións da instalación que pretendo montar adáptanse ás parcelas cuxo uso pretendo obter.
- Estou ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e no pagamento das cotas da seguridade social.
- Atópome de alta na Seguridade Social no réxime que me corresponde coas excepcións previstas na normativa da Seguridade Social.
- Atópome de alta no censo de actividades económicas no epígrafe correspondente.
- Acepto as normas e obrigas establecidas no Prego.
- Non estou incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Que dispoño dun seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 150.000 euros, de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira punto cuarto da Lei 10/2017 para responder dos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens.
- Autorizo ao Concello de Boiro para a comprobación da veracidade da información facilitada.

- Así como non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.
- Que coñezo e cumpro coas normas en materia de venda ambulante e de comercio interior de Galicia.
- Que reúno as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto obxecto de venda ambulante.
- Que non realizo actividades con produtos prohibidos.
- Que cumprirei cos horarios establecidos na normativa de aplicación.
- Que cumprirei cos niveis de ruído establecidos na ordenanza municipal reguladora, así como a normativa de protección contra incendios que sexa de aplicación; o cumprimento de todas as condicións recollidas no regulamento electrotécnico de baixa tensión e demais normativa de aplicación.
- Que no caso de venda de alimentos e/ou bebidas cumpro coa normativa sanitaria de aplicación; cumprirei coas prácticas correctas de hixiene durante o exercicio da actividade; porei a disposición da autoridade os xustificantes de orixe dos alimentos; a persoa manipuladora dos alimentos disporá da documentación que xustifique a súa formación; que a actividade conta cos preceptivos permisos e licenzas exixibles doutras administracións e cumpre coa normativa sectorial de aplicación.
- Que me comprometo a manter os requisitos exixidos durante o período de vixencia da citada autorización, e dispor no recinto da actividade da documentación requirida.

En Boiro, ade xuño de 2023

Asinado:

DEBERASE ACHEGAR XUNTO CON ESTA DECLARACIÓN RESPONSABLE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do DNI do solicitante e fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil e do pagamento da prima actualizado na contía que corresponde a actividade solicitada.
- En calquera dos supostos o licitador deberá figurar entre as persoas aseguradas e a actividade que se pretende desenvolver entre os riscos asegurados
- No caso de que se opte por un posto de venda de comida ou bebida achegarase fotocopia do CARNÉ DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS expedido a nome da persoa solicitante ou da persoa que vaia a desempeñar a actividade.

De acordo co artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo Común das Administracións Públicas a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a declaración responsable, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas as que dera lugar.